



Parlamento das Letras: Manuel Veiga

Publicado o [22/11/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/11/22/parlamento-das-letras-manuel-veiga/>

Con Manuel Veiga un ten a impresión de estar ante un veterano de todas as guerras. Malia a súa meridiana idade, acumulou tanta vida vivida que a estas alturas parece que ben pouco pode sorprendelo xa.

Periodista por vocación e narrador por devoción, levou polo mundo nos ollos os verdes infindos de Diomondi. E aínda que, como tantos, padeceu as ínfulas cervantinas e o complutenserizaron a fondo non puideron extirpar nel a raíz na que prendera a fala monfortina, o amor pola luz de Lemos.

A súa escrita destila unha melancolía fonda que espella nas ruínas da cidade amada, nas biografías dos malogrados e nos exilios sen primavera. Apenas se o amor nos días de tormenta ou a tenacidade vegliota son quen de balsamizar tanta renuncia, pois a memoria de xornalista utópico é un térmite que mal deixa parar a un.

Veiga ten a nación na cabeza, do G ao Z, e fala dela cunha clarividencia case oracular, ceibando ao ar megatóns do mellor humor de noso. Coidado co que lle ledes, pois a persuasión é nel un don de Leteo que o galvanizou cando neno.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro orixinal presenteillo en man a Carlos Casares (con quen non tiña trato ningún daquela) e foi en 1997. Publicouse en Galaxia un ano despois. Tratábase da novela *As ruínas da cidade amada*. lembro que me dixo que tiña moito coñecemento do mundo rural e quedei sorprendido, porque os meus pais non eran labradores, aínda que era certo que eu vivira até os doce anos, boa parte do tempo, na aldea na que os meus proxenitores eran mestres. Por certo, o libro só está ambientado lateralmente no campo. O seu ámbito sitúase en Monforte que para os de Vigo é unha aldea (no caso de que saiban que existe), para os de Monforte é unha cidade, por mor do título de tal que lle deu Alfonso XII e, en realidade, trátase dunha vila de vinte mil habitantes.

Por outra parte, daquela eu tiña a idea de que chegaba á literatura moi tarde (nacín no 60), agora penso que foi a tempo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non estou moi seguro, pero creo que a que tivo a mellor acollida foi *O exiliado e a primavera*, basicamente porque recibiu o premio Xerais. A que pasou máis desapercibida supoño que foi *Biografías de malogrados*, quizais porque era un libro pequeno de relatos, nunha editorial (Espirál Maior) boa e cun bo editor, pero que non é comercialmente das máis fortes. Tamén influiría a calidade, en cada caso, pero iso xa non son tan capaz de xulgalo.

Tamén creo que *O profesor de vegliota* foi pasada un pouco por alto, a pesar de tratarse dunha novela sobre un tema candente, como era o da lingua e sobre todo no momento no que saíu. A razón pode estar no seu fondo reflexivo, cando a xente o que quere é que lle dean ánimos. En fin, eu creo que o coñecemento, aínda que non resolva o problema, sempre alivia a dor. En todo caso, eu se fago unha novela teño que facela, mellor ou peor, pero desde a postura dun escritor, non desde a de presidente da MNL, por moi importante que me pareza o papel de todos os que se dedican á normalización.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non sei, nunca me parei a pensar niso, probabelmente porque non é cousa miña.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Creo que me queda o principal por escribir, polo tanto non me paro a historiografar nada. A miña preocupación é que non me suba o colesterol para non acabar no outro barrio demasiado pronto.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Teño unha morea de libros rodeándome sempre. Creo, precisamente, que a moitos escritores lles faltan lecturas, non por unha cuestión de temas, senón de técnica. Ler dáche recursos e solucións. Por exemplo, na miña novela *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* eu non me tería atrevido a reiniciar a acción desde o punto de vista dun segundo personaxe se algún tempo antes non llo vira facer a Ford Madox Ford na novela *O bo soldado*. El faino catro veces seguidas e iso deume azos para facelo eu, aínda que só fose dúas. Agora penso que eu debía telo feito tamén catro veces, incluíndo dous personaxes máis para que así a novela quedase máis completa e non un pouco coxa como quedou.

Eu, desde logo, non teño ningún medo a ler outros libros cando estou escribindo. Todo o contrario, sempre trato de imitar os grandes e nunca o consigo. En realidade, leamos o que leamos, os escritores somos (e debemos ser) as vítimas do noso propio e singular carácter e iso sempre se reflicte na obra e non muda nunca. E se non se reflicte malo, quere dicir que non afondaches bastante e que estás a ser superficial.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

A maiores do que todo o mundo xa sabe, creo que deberíamos aproveitar a crise para mellorar. A técnica facilitounos demasiado todo e hoxe temos unha crise de sobreprodución, tamén en canto a títulos literarios. Penso que as dificultades presentes representan unha boa oportunidade para que os autores traballemos máis e presentemos mellores textos. Vexo que a

xente escribe moi rápido. Posto que non imos renunciar ao ordenador para volver á pluma de ave, aí vai un consello que me fago, en primeiro lugar, a min mesmo: profundemos máis e repasemos máis antes de ir correndo ao editor.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

É certo que teño unhas cantas ideas pendentes, pero son consciente de que, aínda que morra agora mesmo, o mundo seguirá igual sen elas. Así que tampouco me torturo demasiado.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Ía dicir que mediocre, pero cando leo os analistas literarios doutras épocas sempre comprobo que se refiren ao seu tempo como mediocre, aínda que sexan coetáneos de Flaubert, de Faulkner ou de Proust. Así que calo a boca para non caer nese defecto tan xeneralizado do presentismo.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Moito ánimo a todos os que, coma min, andamos na guerra de xuntar letras. Gustaríame que todos entendésemos que esta é unha guerra apaixonante, na que un compite consigo mesmo e na que nunca se gaña.